

NORMAS XERAIS DAS PRÁCTICAS TUTELADAS

1. O horario das prácticas tuteladas será de luns a venres :

- quenda de mañá : 8h a 15 h
- quenda de tarde: 15h a 22h

Nos centros de saúde o horario axustarase á programación dos respectivos centros.

2. A distribución do alumnado nos diferentes centros hospitalarios e centros de saúde será publicada nos taboleiros de anuncios do Edificio Docente Novoa Santos, no da Facultade de Enfermaría e na páxina web da Facultade.

Así mesmo, comunicaránse a os PACS ,os colaboradores docentes das prácticas e a os Directores dos respectivos Centros Sanitarios de prácticas.

3. A petición de cambio de quenda para as Prácticas Tuteladas I, II, III e IV, con carácter excepcional, realizarase por correo electrónico á Coordinadora de Prácticas durante os cinco días seguintes á súa publicación.

A solicitude debe dirixirse a:

Enderezo electrónico: anaisabel.silveira@usc.es

Asunto: "cambio prácticas"

A documentación xustificativa aportarase unha vez concedido o cambio.

4. Finalizado cada período de prácticas, a **avaliación** farase pública nun prazo máximo de 10 días no taboleiro de anuncios do Edificio Docente Novoa Santos ou na Facultade de Enfermaría.

O alumnado terá un período de revisión de 3 días a partir da data de publicación.

5. Nos Centros de Saúde, no Hospital da Barbanza e no resto dos Hospitais da Comunidade Autónoma, a avaliação comunicarase 3 días antes de rematar o período de prácticas e remitirase por correo electrónico á Coordinadora de Prácticas nun prazo non superior a 10 días.

NORMAS XERAIS DAS PRÁCTICAS TUTELADAS

6. Causas de avaliación negativa:

- a. Non acadar os obxectivos formativos fixados, debido a insuficiencias de aprendizaxe susceptibles de recuperación
- b. Ausencia por un periodo superior a 20%
- c. Incumprimento das seguintes normas básicas:
 - Identificación obligatoria:** o alumno/a deberá asistir ás prácticas coa tarxeta de identificación visible; a tarxeta solicitarase na Conserxería da Facultade de Enfermaría.
 - Cumprimiento das normas establecidas no centro asistencial asignado.**
 - Horario:** requírese puntualidade e, de acordo co docente responsable, acordarase o tempo de descanso adecuado durante a xornada de prácticas.
 - Indumentaria de traballo:** pixama ou bata branca e calzado adecuado.
 - Relacións:** trato respetuoso co enfermo, familia e equipo asistencial.
 - Observación do secreto profesional e confidencialidade de datos.**

7. Nos supostos anteriores, o periodo de recuperación será previo á 2ª edición das actas (mes de xullo) segundo a programación e o período establecido pola coordinadora de prácticas.
8. O alumnado ten dereito a un máximo de dous días de ausencia en cada rotación por asuntos propios sen necesidade de xustificación, nin de recuperación.
9. O alumnado deberá comunicarlle ao/á profesor/a asociado/a, colaborador/a docente ou á coordinadora de prácticas a ser posible con antelación, calquera ausencia previsible ás prácticas.

COORDINADORA DE PRÁCTICAS:

Ana Isabel Silveira Rodríguez
Teléfono de contacto: 881812042
Enderezo electrónico: anaisabel.silveira@usc.es
Despacho: 3º planta- Facultade de Enfermaría
Avda. Xoán XXIII s/n-15704-Santiago Compostela